



Suxestión á entidade bancaria colaboradora para que devolva o importe de 937,22 € correspondentes ao pago dun imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

Expediente: L.8.Q/21324/17

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2017

Estimado Sr. [REDACTED]

Nesta institución compareceu, mediante escrito de queixa, D. [REDACTED].

ANTECEDENTES

1.-No seu escrito, esencialmente, indícanos que como obrigado tributario dun imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, autoliquidou o modelo 600 en data 28 de maio de 2012, mediante pago en efectivo na oficina colaboradora de Santiago de Guayaquil.

O importe ascendía á cifra de 937,22 euros. (obra incorporado a este expediente copia do impreso de autoliquidación modelo 600, exemplar para o interesado, con selo estampado da entidade bancaria).

2.-Case dous anos e medio despois, con data 30 de outubro do 2014 a Axencia Tributaria de Galicia, delegación de A Coruña formula requirimento de ingreso de autoliquidación á entidade colaboradora, unha vez comprobado que a autoliquidación número

6001210400933 con data ingreso 28.05.2012 por importe de 937,22 euros a nome de D. [REDACTED] fora pagada nesa oficina sen que conste "o seu ingreso na Xunta de Galicia". (tamén obra incorporado a este expediente copia deste requirimento de pago).

3.- Un mes e medio despois, o 16 de decembro do 2014, o Sr. [REDACTED] refire recibir unha chamada telefónica do subdirector da sucursal da entidade bancaria na Coruña, na que lle convocaba a unha reunión na súa oficina. Ao día seguinte, este se persoa na mesma e tras insistirle en que o pago do imposto aínda estaba pendente e que a Axencia Tributaria de Galicia llo estaba a reclamar, o Sr. [REDACTED] ante a insistencia dos responsables da oficina, segundo documenta, firma, nesta segunda ocasión un cargo en conta por importe de 937,22 euros. (tamén obra incorporado a este expediente a boleta xustificante para o cliente).

Refire o Sr. [REDACTED] que nese encontro, lle mostraron largos listaxes de todos e cada un dos movementos (cargos e abonos) da súa conta, relativos aos dous anos e medio anteriores. Evidentemente entre eles non se atopaba o pago do imposto, toda vez que se efectuara en efectivo. A presión que refire ter recibido o Sr. [REDACTED] xunto coa súa avanzada idade, habería motivado que consentira pagar novamente o imposto, nesta vez asinando un cargo en conta. (sobre este feito incidiremos máis adiante)

Manifesta o Sr. [REDACTED] que o requirimento de pago que a Axencia Tributaria de Galicia fai a entidade, que como dixemos obra incorporado a este expediente, non foi proporcionado pola mesma, senón posteriormente pola antedita axencia.

4.-Na resolución ditada en data 30 de marzo do 2015, pola Axencia Tributaria de Galicia, delegación de A Coruña, no expediente de devolución 25/2015, instado polo Sr. [REDACTED] consta na súa literalidade o seguinte : "Revisados los antecedentes que obran en esta Agencia Tributaria Gallega da Coruña, se comprueba que en la autoliquidación número 600121040933 figura únicamente un ingreso realizado por el interesado el día 28.05.2012 por importe de 937,22 €. Dicho importe fue remitido por la Entidad Bancaria el 30.12.2014, tras un requerimiento de fecha 30.10.2014 realizado por esta Delegación, ya que, si bien en el impreso de la autoliquidación presentada por el obligado tributario figuraba el abono de 937,22 €, dicho importe no había sido remitido por la Entidad Bancaria a esta Agencia Tributaria Gallega." (obra incorporada ao presente expediente copia da antedita resolución da Axencia Tributaria de Galicia).

5.- O Sr. [REDACTED] formulou como coñecen, con data 12.03.2015, reclamación ante o "Servicio de atención al cliente" desta entidade á que agora nos diriximos, que foi respostada por ese servizo no sentido de que ocorrera un erro administrativo, e "*una vez detectada la incidencia se realizaron las gestiones oportunas para solucionar la incidencia y gestionar el pago del*

impuesto, confirmándole la oficina gestora que en caso de que la administración le impusiese algún recargo y/o interés de demora, éste sería asumido por la Entidad.”

Nada consta nesta resposta en relación co requirimento efectuado pola Axencia Tributaria de Galicia.

ANÁLISE

A tenor do contido do escrito de queixa, da documentación achegada polo promotor do expediente, tanto no momento da interposición da mesma, como ao longo da tramitación da investigación e unha vez valorado os informes remitidos pola entidade á que nos diriximos, xunto coa documentación achegada, cómpre efectuar unha serie de consideracións:

1. Solicitado informe de colaboración á entidade, foi incorporado con data 20.06.2017.(R.E.23694/17). No mesmo, se insiste no erro, e que esta asumiría “calquera recarga ou sanción que o seu erro lle puidese xerar”. Tampouco nesta información proporcionada, nada se fai constar en relación ao requirimento de pago da Axencia Tributaria de Galicia.

Máis alá de eventuais erros de redacción, se os houber, sorprende que se evite este feito certo, na mesma liña que se fixera na resposta proporcionada polo servizo de atención ao cliente no seu momento, en abril do 2015.

2. En data 20 dos correntes, (R.E.25019/17) se cumprimenta o informe complementario aclaratorio solicitado. Non se achega nin copia do requirimento do ingreso de autoliquidación formulado pola Axencia Tributaria de Galicia, nin da comunicación “remitida polo Departamento de Recadación de ██████ á Axencia Tributaria de Galicia en decembro do 2014, sentimos comunicarlles que non conservamos copia da mesma...”.
3. Pola contra, se achega neste último informe remitido polo Servizo de atención ao cliente, “copia do documento de data 17.12.2014 na que se carga o importe do imposto en cuestión na conta do Sr. ██████ que como poden comprobar está asinada por el.” A este respecto cómpre significar, que foi precisamente o Sr. ██████ quen manifesta ter firmado o citado cargo en conta en decembro do ano 2014.

A firma dese cargo en conta, nin se nega polo promotor da queixa, nin hai dúbida algunha nesta institución de que o Sr. ██████ o rubricou. É máis, esta duplicidade,

propiciou que o Sr. ██████ solicitara a devolución dos ingresos da autoliquidación referida, e esta duplicidade xustificará a suxestión que formularemos.

(Resaltaremos, que no antecedente de feito número terceiro da resolución que se ditou polo *Tribunal Económico-Administrativo Regional de Galicia*, se sinala: “*el impuesto de la liquidación referenciada fue abonado el 28.05.2012 y que por un error reconocido por la propia entidad bancaria no llegó a ingresarse a nombre de la Comunidad Autónoma Gallega...*”)

4. Cómpre invocar, chegados a este punto, o Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo polo que se aproba o *Reglamento general de recaudación*, nomeadamente os artigos 17 e seguintes. En concreto o apartado 6 do artigo 17, e a letra f do citado apartado (“f) *no realizar diariamente el ingreso de las cantidades recaudadas en las cuentas restringidas del órgano de recaudación competente o no efectuar o efectuar con retraso el ingreso de las cantidades recaudadas*”.

De igual xeito os apartados 2 do artigo 19:“*las entidades colaboradoras admitirán, en todo caso, el dinero de curso legal como medio de pago; e o 7 :“la entidad colaboradora que deba admitir un ingreso para el Tesoro comprobará previamente a su abono en cuenta los siguientes datos: a) la coincidencia exacta de la cuantía a ingresar con la cifra que figure como importe del ingreso en la autoliquidación o documento de ingreso.*”).

5. Neste contexto, é acaído lembrar que a orde do 21 de xuño do 2006, pola se regulan os procedementos de xestión recadatoria e a actuación das entidades colaboradoras, prevé así mesmo, que as entidades de depósito autorizadas para actuar como colaboradoras na xestión recadatoria:“*recollerán os ingresos que resulten dos documentos presentados para tal fin polos obrigados ao pagamento en contas restrinxidas*”, así como que “*as entidades colaboradoras admitirán, en todo caso, o diñeiro de curso legal como medio de pagamento*”.

No punto segundo das disposicións xerais da citada orde, se prevé : 2.1. Prazos para efectuar o ingreso. As entidades colaboradoras ingresarán ante o Servizo Central de Recadación da Consellería de Economía e Facenda, o recadado cada quincena dentro dos sete días hábiles seguintes á fin de cada unha ..., en todo caso o ingreso deberá producirse no mesmo mes en que finaliza a quincena correspondente.

No presente expediente, máis aló do mero “erro administrativo” en “ventanilla”, semella que tamén se puideran ter producido, certas irregularidades posteriormente, no tratamento dado ao documento Modelo 600 de autoliquidación, de acordo co

que é esixible á entidade colaboradora no correcto desenvolvemento das funcións de control que neste sentido lle son propias, segundo a normativa que expresamente citamos.

Parece compatible co acontecido, que as obrigas que lle correspondían á entidade colaboradora, no caso concreto que nos ocupa, non foron axeitadamente desenvolvidas; toda vez que no foi ata que a Axencia Tributaria require o pago a esta entidade, que o erro se detecta.

Transcorrera pois, entende esta institución, un período de tempo suficientemente longo, que se espallou entre o 28 de maio do 2012 e o 30 de outubro do 2014, como para poder soste con firmeza que o sucedido fora soamente un erro de proceso do documento de pago.

Para finalizar, toda vez que o modelo 600 de autoliquidación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, exemplar para o interesado está correctamente validado como documento de ingreso, mediante selo, con data 28 de maio do 2012 (como prevé o artigo 19.7 b) do Real Decreto 939/2005 de 29 de julio polo que se aproba o Reglamento General de Recaudación); o requirimento da Axencia Tributaria de Galicia, (30 outubro do 2014) en igual sentido certifica que o pago por importe de 937,22 euros se efectuou polo Sr. ██████ nesa data de 28 de maio do 2012, sen que conste o seu ingreso na Xunta de Galicia, e como terceiro documento, na resolución ditada polo Tribunal Económico Administrativo Regional de Galicia, se di que o “impuesto da liquidación referenciada fue abonado el 28.05.2012”, baseándonos nestes tres documentos, será que máis adiante sinalaremos o sentido da resolución que formularemos.

Esta institución é consciente da importante labor de asistencia que presta aos obrigados tributarios a entidade colaboradora á que nos diriximos, pero tamén o é, de que esta xestión recadatoria puidera ter sido defectuosa no caso concreto ao que se refire este expediente.

O erro, recoñecido en diferentes ocasións pola propia entidade, carrexou ao Sr. ██████ non so os inconvenientes que tratamos de resumir máis arriba, senón que se estenderon longamente no tempo e comportaron un longo itinerario de diferentes trámites aos que se veu abocado a efectuar, ata chegar a solicitar cos oitenta anos de idade con que conta, a intervención da Valedora do Pobo.

CONCLUSIÓN

Por todo o indicado anteriormente, considerase necesario facerlle chegar á entidade bancaria a seguinte Suxestión :

Que revise as actuacións practicadas, procedendo á devolución da cantidade de 937,22 euros pagada polo promotor da queixa o 17 de decembro do 2014.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, interesándolle que no prazo dun mes, dea conta a esta institución da aceptación da suxestión formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolles saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas suxestións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número de tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradecéndolle a súa colaboración o saúdo atentamente

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo